



Xoán Carlos Bascuas Jardón , María Jesús Bóo Feijóo e Xosé Manuel Pérez Bouza, actuando en representación de CxG (Compromiso por Galicia), como mellor proceda.

EXPÓN:

1º- Que ten coñecemento de que o Presidente da Xunta de Galicia a través do Grupo Parlamentario do Partido Popular, argumentando a necesidade de aforrar recursos públicos, ten intención de impulsar una reforma da actual Lei que regula as Eleccións ó Parlamento de Galicia (Lei 8/1985, posteriormente modificada pola Lei 15/92 e pola Lei 12/2004 co obxectivo de reducir o número de deputados do Parlamento de Galicia, dos 75 actuais a 61.

2º- Que CxG, está en contra desta iniciativa impulsada polo PP, porque de resultar aprobada, suporía unha degradación da importancia do Parlamento galego, que é a principal institución de Galicia, ademais de reducir a proporcionalidade na elección dos deputados/as entre as distintas circunscricións, e dificultar a expresión parlamentaria da pluralidade política existente entre a sociedade galega.

Sendo en base o anteriormente que exposto e compartindo a necesidade reducir o gasto de diñeiro público en todas as institucións, incluído o Parlamento de Galicia, que CxG pon en coñecemento da Presidenta desta institución, a súa proposta para reducir gasto, sen degradar a importancia do Parlamento galego, sen afectar a proporcionalidade na elección dos deputados/as entre as distintas circunscricións e sen dificultar a expresión parlamentaria da pluralidade política existente entre a sociedade galega.

A proposta de CxG a seguinte:

1º- Redución do salario (soldo+dietas) dos deputados e deputadas do Parlamento de Galicia en 2.000 € mes.

2º- Redución dun 25% das subvencións ós distintos grupos parlamentarios, tanto para funcionamento interno, como para contratación de persoal de confianza.

3º- Redución dun 30% da partida orzamentario de gasto corrente.

Resultando evidente que con estas medidas que propón CxG, se conseguiría aforrar unha cantidade de diñeiro público, moi superior a que se aforrará no suposto de resultar aprobada a iniciativa do Presidente da Xunta de Galicia, impulsada polo Grupo Parlamentario do Partido Popular e polo que

SOLICITAMOS:

Que por parte da Presidenta do Parlamento de Galicia se valore esta proposta que contribúe claramente aforrar diñeiro público, sen necesidade de degradar a importancia do Parlamento galego, sen afectar a proporcionalidade na elección dos deputados/as entre as distintas circunscricións e sen dificultar a expresión parlamentaria da pluralidade política existente entre a sociedade galega, como ocorrerá de resultar aprobada a iniciativa do Presidente da Xunta de Galicia, impulsada polo Grupo Parlamentario do Partido Popular.

E para que así conste e forneza os efectos oportunos asinamos a presente solicitude en Santiago de Compostela, a 2 de agosto do 2012.

Asdo.: Xoán Carlos Bascuas Jardón

Asdo.: María Jesús Bóo Feijóo

Asdo.: Xosé Manuel Pérez Bouza

ILMA. SRA. PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA